



Valentino
Rufini.e.
Akil.
Pillabán,
de viaxe a Milán



INTRODUCCIÓN

O teatro é unha arte que combina discurso, movemento, música, sons, xestos e escenografía para presentar de forma visible a imaxinación, representar historias, amosar conflitos ou compartir ideas, emocións e sentimentos. O teatro é un poderoso recurso pedagóxico aplicable ao desenvolvemento de múltiples áreas: a expresión corporal, a creatividade, as habilidades sociais, a lingua, a historia, a literatura ...

Por todo isto pensamos que o teatro debe ocupar un espazo específico na formación dos máis pequenos, debe reivindicarse como unha das materias e estratexias pedagóxicas importantes e necesarias nos seus primeiros pasos formativos. Os nosos nenos son persoas, e así teremos que tratalos:



seres humanos que captan, ás veces, mellor que nós, os maiores aspectos e realidades artísticas.

IDADES ÁS QUE VAI DESTINADA.

Alumnos e alumnas de 6 a 11 anos.

Para traballar esta unidade didáctica consideramos importante facer unha distinción entre dúas franxas de idades, facendo unha distribución das actividades propostas segundo esta clasificación:

- Entre os 6 e os 8 anos: os pequenos e as pequenas acaban de introducirse nas habilidades lectoescritoras, e teñen moi espertas as súas capacidades emocionais e expresivas. Nesta etapa a metodoloxía mais adecuada debe apoiarse no traballo lúdico e creativo, coa fin de que a motivación dos nenos e das nenas sexa a clave no éxito das actividades.
- Entre os 8 e os 11 anos: a lectoescritura é unha aprendizaxe adquirida e interiorizada, podendo traballar con ferramentas que fomenten as habilidades para a comunicación, a reflexión, a crítica e o traballo cooperativo e en equipo.

PROPÓSITO XERAL

Con este espectáculo pretendemos que o alumnado reflexione sobre as diferenzas culturais, a desconfianza cara ao descoñecido e sobre todo a necesidade de comprender que todos somos iguais, a pesar do cor da pel, as relixións e as posicións sociais. En definitiva, favorecer que os máis pequenos adquiran actitudes e coñecementos para unha participación activa en clave de convivencia positiva e intercultural.

A unidade didáctica que acompaña ao espectáculo pretende servir como ferramenta de apoio ao traballo educativo do profesorado de Educación Primaria, baseándonos nos pilares do respecto, a tolerancia e a valoración das demais persoas, e tendo presente que as diferenzas culturais deben





rodearse de sentimentos positivos. Para isto apostamos pola motivación dos máis pequenos dentro das aulas a través dun recurso que favorece un achegamento directo e empírico coa diversidade cultural da que formamos parte.

XUSTIFICACIÓN

O fenómeno da globalización permite aos seres humanos recoñecerse cada día máis como diversos. As diferentes culturas aproxímanse, e persoas de distintas formas de vida forman parte dunha paisaxe crecentemente cercana. Pero, a diversidade tamén se presenta como un problema, ben porque a globalización é vista como ameaza á conservación de valores culturais propios, ou ben, porque a inclusión das diferenzas na convivencia social, plantea un desafío máis complexo ás nacións en materia de desenvolvemento (UNESCO, 2005).

A resposta educativa a esta diversidade supón un reto que o noso sistema, lonxe de evitar, ten que asumir e afrontar para poderse constituír en oferta educativa de calidade para todos e cada un dos alumnos e alumnas. Tamén hai que valorar esta diversidade coma unha oportunidade para fomentar a adquisición de actitudes, habilidades e capacidades no alumnado e ilo dotando deste xeito, de ferramentas que lles serán útiles de cara ao exercicio da cidadanía.

A diversidade nas aulas

A diversidade (do latín *diversitas*) é unha noción que fai referencia á diferenza, á variedade, á abundancia de cousas distintas a aquilo que consideramos semellante. Dentro dela, atopamos un amplo abano de dimensións (a diversidade cultural, a étnica, a funcional, a lingüística, segundo a relixión,

o xénero,... etc..) nas que resulta necesario intervir dende unha perspectiva pedagóxica de forma tanxible e transversal, introducindo ferramentas e metodoloxías que combinadas coa motivación dos máis pequenos, son un potente xacemento de posibilidades educativas para o crecemento persoal.

A esta realidade, hai que sumarlle o poder que ten a etapa da Educación Primaria: neste camiño educativo, as aprendizaxes dentro das aulas coinciden nun momento da vida no que os nosos nenos e nenas van modelando a súa personalidade, adquirindo novos valores e reforzando os transmitidos no seu contexto máis próximo e familiar. Nos eidos social e emocional entran en contacto cos seus iguais, máis alá da súa familia, e descubren novas formas de relacionarse a través da convivencia e da interacción co grupo. Todas as persoas posuímos diferentes formas de sentir, actuar, pensar e de relacionarnos co noso entorno, formando unha sociedade diversa e heteroxénea, e por ende rica en diversidade. A escola é coma un reflexo de sociedade na que vivimos, onde os alumnos e as alumnas son os protagonistas da convivencia, caracterizada tamén polo que lles fai diversos entre eles e por claros tintes de interculturalidade. Polo tanto estamos a falar de moitas posibilidades de aprendizaxe e crecemento persoal que vai moito máis aló do curricular.

Compre seguir insistindo dende a escola na importancia dunha intervención motivadora que fomente e reforce as habilidades e capacidades individuais a través de experiencias enriquecedoras. Este “modus operandi” favorecerá a adquisición de actitudes importantes para á vida, perfectamente integradas na variedade e que son necesarias para formar parte dunha convivencia positiva e en clave de igualdade social.

O teatro é unha arte que pertence á área das condutas humanas. É unha arte representada por códigos, estilos, linguaxes, recursos, todos eles diversos entre si, coma o é a sociedade da que os nosos pequenos e pequenas forman parte. Aporta unha perspectiva vivencial no traballo nas aulas, pois ao exercer





como espectadores perciben e senten emocións, formas de comunicación, modelos de convivencia, valores, etc. Polo tanto falamos dunha ferramenta pedagóxica que dota de recursos e elementos de gran utilidade para a vida e a convivencia en sociedade.

COMPETENCIAS BÁSICAS NO CICLO DE PRIMARIA

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

OBXETIVOS DIDÁCTICOS (atendendo aos contidos curriculares)

- Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.
- Favorecer a cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.
- Coñecer os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase, os debates e as exposicións compartidas como momentos para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución de conflitos.
- Usar a prensa escrita e dixital como fonte de información
- Achegarse a dramatizacións de textos de producións propias.
- Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Crear textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención

informativa: carteis publicitarios, sinopses, etc.

- Coñecer e identificarse coa diversidade cultural existente.
- Desenvolver condutas de respecto, aceptación e tolerancia
- Visualizar a distinción entre 'diferenza e 'desigualdade'.

ACTIVIDADES

Para os dous grupos de idade, formúlase unha mesma estrutura na intervención nas aulas: un traballo previo á función teatral e outro posterior á mesma, co obxectivo de prepararse como espectadores no caso da primeira e de afondar en contidos e aprendizaxes no caso da segunda. Desde a compañía Talía Teatro acercáronos ás aulas coa finalidade de fomentar aínda máis o achegamento entre o teatro e a escola, presentar o espectáculo do que van ser espectadores, motivalos de cara ao traballo que irán facendo en contacto co noso espectáculo e facer unha pequena análise cos grupos e o profesorado sobre o que supuxo a experiencia para eles.

Actividade dirixidas a nenos e nenas entre os 6 e os 8 anos:

- Antes do espectáculo

1. Presentación da compañía e o espectáculo

Obxectivo: dar a coñecer a compañía e o espectáculo sobre o que vai traballar o alumnado nas aulas.

Habilidades que se poden traballar: escoita activa, comunicación, capacidade creativa e de reflexión.

Duración: 20 minutos.

Desenvolvemento: O docente achegará ás aulas o cartel do espectáculo, que pode atoparse na nosa web: www.taliateatro.gal.

Pódese introducir a sesión de traballo cunha adiviña e algunhas preguntas coa





finalidade de ter un pequeno debate e de compartir as súas opinións:

Adiviña: “Xuntos traballamos, xuntos actuamos, a nenos e maiores entretemos mentres no escenario argallamos! Onde traballamos? (No teatro)”

Preguntas:

Sabedes como é un teatro?

Para qué serve o teatro?

Que credes que ides a ver?

Unha vez resolta a parte introdutoria, faremos unha pequena presentación da Compañía Talía Teatro e do espectáculo apoiados no cartel do mesmo. A través doutra batería de preguntas, indagaremos cales son as expectativas dos máis pequenos coa fin de espertar o seu interese de cara á función que visitarán:

Que vos suxire o cartel? Adiviñades de qué pode tratarse o espectáculo?

Que credes que vai pasar nel? terá un final feliz? terá final?

Haberá unha personaxe boa e outra que “mete medo”?

Cantas personaxes credes que pode haber nesta función?

Tachán tachán... no espectáculo tedes un bo plan! (cunha frase similar pretendemos deixar na aula a sensación de sorpresa, coa fin de motivalos da cara á visita que farán).

Unha vez rematado o debate e a posta en común, traballaremos co grupo o “decálogo do bo espectador” dunha forma sinxela, co obxectivo de que os máis pequenos interioricen pautas de comportamento e saber estar durante a súa visita ao espectáculo. A continuación apórtase o texto das ideas sobre as traballaremos para unha construción conxunta (esta actividade inclúese tamén na franxa de idades entre os 9 e os 11 anos):

Decálogo do bo espectador

1. Antes de ir a ver unha función, hai que informarse ben do espectáculo que ides ver. En ocasións o que un imaxina no coincide coa realidade.
2. Hai que ser puntuais: chegar polo menos 15 minutos antes a así teredes tempo para atopar o voso asento sen molestar a ninguén.
3. Unha vez comezado o espectáculo, non podedes abandonar o voso asento. Se precisades ir ao baño facédeo antes ou despois da función.
4. O silencio é indispensable xa que os actores e actrices están traballando para vós. Non os distraíades con comentarios ou ruídos.
5. Por respecto ás persoas que traballan sobre o escenario e ao resto do público, non se debe comer (nin pipas, nin gominolas,...) durante a representación.
6. Se a obra non vos gusta, non molestedes ao resto do público que pode estar interesado nela.
7. Unha causa urxente pode obrigavos a abandonar a sala. Nese caso a vosa saída ten que ser sen ruídos para non molestar aos demais.
8. Se a pesar dos esforzos das actrices, actores e traballadores do espectáculo, este non vos gusta, tendes que estar calados na vosa butaca por respecto aos demais (público e traballadores).
9. O aplauso (non os asubíos, nin os berros) é a mellor recompensa ás actrices e actores que nolo fixeron pasar ben .

2. Que é o teatro?

Obxectivo: Con esta actividade preténdese facer unha análise do que é o teatro coa finalidade de que os pequenos vaian posicionándose antes da visita que farán e de profundizar algo máis no seu acercamento ao mundo teatral.

Habilidades que se poden traballar: expresión artística e creativa, a imaxinación, o traballo cooperativo e en equipo.

Duración: 30 minutos





Material: cartolinas grandes, tesoiras, revistas, periódicos, fotocopias, pinturas de cores, pegamento.

Desenvolvemento:

Os pequenos deben facer un collage en equipos de traballo. Para isto o/a docente tenlles preparados a cada equipo unha cartolina grande na que estea debuxada a silueta dun escenario de teatro coas cortinas abertas, ou ben, que a debuxen os cativos copiando algún modelo que se lles poda facilitar. No centro da cartolina os pequenos e as pequenas deben ir pegando imaxes, debuxos e/ou fotografías que previamente foron seleccionando e recortando de revistas ou doutros materiais reciclables.

Antes de iniciar a actividade é recomendable unha introdución moi sinxela e atractiva do que é o teatro apoiada nun pequeno texto que lles fagan posicionarse na actividade:

“ O teatro é maxia. É onde uns personaxes, que poderían saír dun conto, falan entre eles ou con nós para contarnos unha aventura, un soño, unha viaxe, unha experiencia...Nós, en silencio e moi atentos escoitámoslos, mirámoslos e disfrutamos da súa historia. Ás veces, o que pasa no teatro pode parecer real, porque ao fin e ao cabo, o teatro é maxia”

Cada neno e nena poden explicarlles aos seus compañeiros o que entende en relación ao teatro (no caso de que o docente considere isto como un aporte máis para o desenvolvemento da actividade).

3. Valentino e Âkil xa están aquí!

Obxectivo: esta actividade pretende ser unha introdución do espectáculo que verán como espectadores.

Habilidades que se poden traballar: con ela póñense en práctica a creatividade e a capacidade imaxinativa do grupo, a través do emprego do consenso e da expresión corporal.

Desenvolvemento:

Introducírase a actividade contándolle ao grupo a sinopse do texto do espectáculo e amosándolles o cartel:

“Valentino Rufini, de regreso á súa casa en Milán, é abandonado polo seu criado, que marcha con todos os seus cartos. Só e cargado con seu baúl de viaxe, decide pasar a noite nunha casa en ruínas no camiño por onde pasará a carruaxe que vai cara a Milán.

No mesmo lugar aparece coa idéntica intención Âkil Pillabán, a quen a súa ama deixara composto, sen cartos e cun baúl cheo de traxes de señora ostentosa vida a menos.

Ambos coñeceranse e compartirán a noite, e, con ela, desexos, sospeitas e medos mutuos, mentres agardan a que chegue o día e continuar as súas viaxes, pero...”

O grupo debe poñer en práctica o seu poder imaxinativo: deben darlle vida a cada un dos protagonistas do texto. Para isto, introdúcense nun baúl sombreiros, prendas de vestir e diversos obxectos cos que poidan construír unha personaxe imaxinada. Faranse dous equipos de traballo, un para que lle dean vida a Valentino Rufini e o outro para Âkil Pillabán. Terán que poñer en práctica o consenso para decidir democraticamente que alumno ou alumna de cada grupo será o/a compañeiro/a que caracterizarán. Posteriormente acordarán que personalidade terá cada personaxe; o/a compañeiro disfrazado/a fará un





desfile para a toda a clase á vez que dotará de expresión corporal.

- **Despois do espectáculo**

4. “Valentino Rufini e Âkil Pillabán, de sitios distintos pero singularmente iguais”

Obxectivo: preténdese abordar a diversidade cultural presente tanto nas aulas, como na sociedade en xeral facendo unha pequena análise dos roles e características que lles asignamos ás persoas.

Habilidades que se poden traballar: capacidade de expresión e de comunicación, traballo en equipo

Duración: 30 minutos

Material: Unha pelota

Desenvolvemento:

Faise unha pequena introdución das diferenzas culturais que existen entre os personaxes do espectáculo, sempre en clave positiva e como elementos enriquecedores na propia convivencia.

Preguntas e reflexións introdutorias da actividade:

- De onde é cada un dos personaxes? E vós?
- A que se dedican os personaxes? e as vosas familias?
- Como se atoparon no camiño e por que?

A continuación pídeselles a todos que fagan un círculo no medio da clase para que vaian pasando a pelota. Entre todos van construír un personaxe (dous en total).

Van imaxinar primeiro a Abdel e cando rematen con este, a Carmela. Van pasando a pelota en direccións arbitrarias e cada vez que alguén a colla,

debe dicir algo relacionado coa vida da personaxe imaxinada, de tal xeito que colectivamente irán construíndo o perfil ou biografía primeiro de Abdel, e ao rematar o de Carmela. A actividade pretende que o grupo constrúa dúas historia de dúas personaxes diferentes (como o son os protagonistas do espectáculo): Abdel de orixe marroquí e Carmela de orixe local.

Pódemos animar ao grupo comezando cun breve texto:

“Érase unha vez un rapaz chamado Abdel. El naceu en...” e pasa a pelota; pouco a pouco vaise elaborando a historia de cada personaxe. É importante que a persoa docente vaia conducindo a construción das historias e dinamizando a actividade dende unha perspectiva positiva en relación ás diferenzas presentes entre as persoas.

5. “Saúdos do mundo”

Obxectivo: traballar a diversidade e a variedade lingüística enfocadas nos saúdos que existen no contexto próximo e ao longo do planeta, así como nos estilos e formas de saudar e outras códigos culturais presentes no mundo.

Habilidades que se poden traballar: comunicación e expresión oral e corporal, traballo en equipo.

Duración: 40 minutos.

Material: listado de saúdos

Desenvolvemento:

O docente fará unha pequena introdución recordando como se coñeceron Valentino Rufini e Âkil Pillabán. Reforza a introdución enlazando a realidade do espectáculo cos modos en que temos as persoas de saudarnos entre nós. Pódese facer a seguinte pregunta “quen sabe saudar en inglés?... E en chinés?, etc...”. Deste xeito dáselle a palabra a cada un dos alumnos, se non coñecen saúdos noutros idiomas facilítaselles material didáctico ou outro tipo ferramentas educativas para que eles mesmos, de forma individual elaboraren un listado.





Posteriormente farase unha pequena exposición entre toda a clase.

A segunda parte consiste en facer parellas para que entre eles se conten como se saúdan na súa familia: pola mañá ao espertar, cando chega alguén a casa, cando se van deitar, cando fai tempo que non ven a alguén querido, como saúdan ás amizades, aos mestres, etc. Despois, cada participante contaralle ao resto da clase como saúda ao compañeiro/a co que traballou (expresión oral e corporal).

6. Mural de cores

Obxectivo: traballar a diversidade presente na sociedade dunha forma cercana e atractiva para os máis pequenos.

Habilidades que se poden traballar: a expresión artística, a capacidade creativa, a capacidade de reflexión.

Duración: 40 minutos.

Material: tesoiras, bolsas de plástico, pintura de mans, papel de estraza ou similar.

Desenvolvemento:

Para iniciar á actividade, cada alumno/a debe elaborar un mandilón de traballo con bolsas de plástico xa que se vai a traballar con pintura de mans (faranse un oco para a cabeza e dous para cada brazo).

Antes da actividade, o/a docente debe preparar un grupo de tiras de papel de cores (tantas como alumnos haxa na aula) e por outra banda outro grupo de tiras de papel (tamén en función do número de alumnos) cunha anotación en cada tira (por exemplo: "Rashiz é de África"). Cada grupo de tiras colócanse nunha caixa ou nun soporte (facendo dous grupos: as tiras de cores por unha banda e as tiras con indicacións pola outra).

Unha vez feitos os mandilóns cada un debe coller unha tira de cada grupo e a continuación pintar sobre un papel (que será un mural grande para toda a clase) o que lle suxira a indicación que aparece escrita na tira coa cor que lle tocou no outro grupo de tiras (exemplo: a un alumno tócalle unha tira vermella, e unha tira coa indicación de “Sonia é loira”- debe debuxar en cor vermello o que lle suxire “ Sonia é loira”. Unha boneca con melena, unha cara, etc...).

Previamente o alumno/a debe idear o que vai plasmar no mural.

Posibles indicacións nas tiras:

- Rashiz é de África
- Abdalúa non come porco
- Sonia é loira
- Miguel fala en galego
- Yasmín é morena de pel
- Adrián camiña sobre rodas
- Kumico ten os ollos achinados
- Samuel fala coas mans
- Mizuki non dá bicos
- Sandra é moi alta
- Anna é francesa

Sería interesante que se expuxera nalgún espazo do centro o traballo final coa finalidade de facer visible o collage grupal feito polos nenos e nenas e deste xeito visibilizar o positivo da diversidade.

7. “E con isto e un biscoito...”

Obxectivo: Con esta visita pretendemos finalizar o proceso desenvolvido polo alumnado e o profesorado e recoller as opinións das partes implicadas.

Habilidades que se poden traballar:

Duración: 30 minutos





Desenvolvemento:

Actividades dirixidas a nenos e nenas entre os 9 e os 11 anos:

1. Presentación da compañía e o espectáculo

Obxectivo: dar a coñecer a compañía e o espectáculo sobre o que vai traballar o alumnado nas aulas.

Habilidades que se poden traballar: escoita activa, comunicación, capacidade creativa e de reflexión.

Duración: 20 minutos.

Desenvolvemento: O docente achegará ás aulas o cartel do espectáculo, que pode atoparse na nosa web: www.taliateatro.gal. Introduciremos a sesión de traballo cunha adiviña e algunhas preguntas coa finalidade de ter un pequeno debate e de compartir as súas opinións:

Adiviña: “Xuntos traballamos, xuntos actuamos, a nenos e maiores entretemos mentres no escenario argallamos! Onde traballamos? (No teatro)”

Preguntas:

Sabedes como é un teatro?

Para que serve o teatro?

Que credes que ides a ver?

Unha vez resolta a parte introdutoria, faremos unha pequena presentación da Compañía Talía Teatro e do espectáculo apoiados no cartel do mesmo. A través doutra batería de preguntas, indagaremos cales son as expectativas dos máis pequenos coa fin de espertar o seu interese de cara á función que presenciarán:

Que vos suxire o cartel? Adiviñades de qué pode tratarse o espectáculo?

Que credes que vai pasar nel? terá un final feliz? ¿terá final?

Haberá unha personaxe boa e outra que “mete medo”?

Cantos personaxes credes que pode haber nesta función?

Unha vez rematado o debate e a posta en común, traballaremos co grupo o “decálogo do bo espectador” dunha forma sinxela, co obxectivo de que o grupo interiorice pautas de comportamento e saber estar durante a súa visita ao espectáculo. A continuación apórtase o texto das ideas sobre as traballaremos:
Decálogo do bo espectador

1. Antes de ir a ver unha función, hai que informarse ben do espectáculo que ides ver. En ocasións o que un imaxina no coincide coa realidade.
2. Hai que ser puntuais: chegar polo menos 15 minutos antes a así teredes tempo para atopar o voso asento sen molestar a ninguén.
3. Unha vez comezado o espectáculo, non podeades abandonar o voso asento. Se precisades ir ao baño facédeo antes ou despois da función.
4. O silencio é indispensable xa que os actores e actrices están traballando para vós. Non os distraiades con comentarios ou ruídos.
5. Por respecto ás persoas que traballan sobre o escenario e ao resto do público, non se debe comer (nin pipas, nin gominolas,...) durante a representación.
6. Se a obra non vos gusta, non molestedes ao resto do público que pode estar interesado nela.
7. Unha causa urxente pode obrigarnos a abandonar a sala. Nese caso a vosa saída ten que ser sen ruídos para non molestar aos demais.
8. Se a pesar dos esforzos das actrices, actores e traballadores do espectáculo, este non vos gusta, tendes que estar calados na vosa butaca por respecto aos demais (público e traballadores).
9. O aplauso (non os asubíos, nin os berros) é a mellor recompensa ás actrices e actores que nolo fixeron pasar ben .





Actividades para realizar coa persoa docente

2. Ser ou non ser... un bo espectador

Obxectivo: Afondar un pouco máis co grupo as actitudes necesarias que debemos ter como espectadores dunha obra de teatro e preparalo para a visita que farán.

Habilidades que se poden traballar: a capacidade de pensamento crítico e de reflexión, a escoita, a capacidade de debate, actitudes e comportamentos positivos na convivencia.

Duración: 20 minutos

Material: Unha cartolina co decálogo do bo espectador.

Desenvolvemento:

Introdúcese a actividade recordando o traballado na sesión coa Compañía Talía Teatro e lanzando unha serie de preguntas co obxectivo de abrir un debate e de analizar as actitudes individuais fronte ao teatro:

Sabedes como debemos comportarnos nun teatro?

Pódese comparar ver este tipo de espectáculos con outros (fútbol, cine, televisión)?

Que faríades se no teatro tendes a alguén sentado ao voso lado que non para de estornudar? Afectaríavos?

Debemos conducir as opinións cara á importancia que ten a nosa actitude como espectadores cando imos disfrutar do teatro. Antes de introducir o decálogo, pódese seguir debatendo para que a clase aporte as súas propias opinións.

3. A actualidade teatral

Obxectivos: nesta actividade pódese traballar habilidades relacionadas coa capacidade de análise, a lectoescritura, o traballo en equipo, a expresión oral e corporal, etc.

Habilidades que se poden traballar: capacidade de análise e de síntese, expresión escrita, traballo en equipo, capacidade creativa.

Material: en función de como se plantexa a actividade pódese precisar periódicos, revistas, libros, ordenadores con conexión a internet, folios, cartulinas, pinturas, tesoiras, lápices, etc.

Duración: 1h

Desenvolvemento:

Faranse grupos de traballo de catro alumnos por grupo aproximadamente. Pídeselles a cada grupo que analicen prensa, revistas ou outro tipo de soportes informativos (internet, libros sobre teatro, etc) todo o que teña que ver co mundo do teatro para que ao final da sesión conten a actualidade teatral da cidade. Cada grupo decidirá como traballará a información para posteriormente expola ao resto da clase (en forma de collage, en forma de narración, en forma de dramatización facendo un anuncio de publicidade ou unha sección do telexornal, etc).

- Despois do espectáculo

4. "Con todos vostedes..."

Obxectivo: traballar sobre o espectáculo coa finalidade de introducir no grupo contidos relacionados coa diversidade cultural.

Habilidades que se poden traballar: capacidade creativa, expresión escrita, expresión artística, traballo en equipo.

Duración: 1 hora

Material: cartulinas, lapis de cores, rotuladores, folios, bolígrafos.

Desenvolvemento: Introducirase a sesión xerando un pequeno debate





co alumnado en torno ás diferenzas que hai entre os protagonistas do espectáculo, valorando ditas diferenzas como algo positivo e enriquecedor na súa propia convivencia e aprendizaxe (pódense recordar co grupo aspectos das personaxes como son a procedencia de cada un deles, os seus oficios, as personalidades, etc).

A continuación fanse grupos de catro persoas e pídeselles que cada grupo deseñe un cartel para un novo espectáculo “ficticio”; neste cartel deben plasmar as diferenzas que hai entre os membros do grupo ou as características máis destacables de cada un deles dotándoos dun papel no seu espectáculo imaxinado. O cartel debe ir acompañado dunha sinopse do que será a obra “ficticia” que idearán entre os participantes e do nome do seu espectáculo. Ao rematar cada grupo exporá para o resto da clase as súas creacións.

5. Taller de máscaras do mundo

Obxectivo: establecer unha relación entre as artes plásticas e o teatro fomentando a capacidade creativa e de expresión artística do alumnado, afondando na diversidade cultural presente na nosa sociedade.

Habilidades: expresión artística, creatividade e traballo en equipo

Duración: Dúas sesións de 50 minutos cada unha.

Material: tesoiras, periódicos, cola, auga, recipientes, pinceis, témperas, globos.

Desenvolvemento

Nesta actividade traballaremos en parella; cada unha debe elaborar unha máscara con cartón pedra. Previamente farase un sorteo para definir qué máscara debe elaborar cada unha delas. Para o sorteo, introducíranse nunha

caixiña papeletas nas que se escribirá o personaxe que deben construír en forma de máscara. Estes personaxes deben relacionarse con orixes, crenzas ou etnias presentes no mundo e na nosa sociedade. Ideas para definir os personaxes:

- O carteiro chinés “Andrés”
- A amigo africano “Mariano”
- A veciña xitana “Iliana”
- O mestre galego “Antón”
- A fruteira musulmana “Abdalia”
- O carpinteiro filipino “Bituín”
- O policía inglés “Peter Clean”
- A poetisa chilena “Maria Luisa”
- A doutora portuguesa “Mira Flora”
- O taxista indio “Tallulah”

Para a elaboración de máscaras, cada parella disporá dun globo inflado ou un balón de plástico, sobre o que irán colocando tiras de periódico molladas en auga e cola. Irán poñendo capas e moldeando a máscara segundo o deseño que queiran levar a cabo. Unha vez rematada esa fase, débese deixar un tempo prudente para que as máscaras sequen antes de comezar a darlles cor.

6. Máis alá de aquí

Obxectivo: traballar as realidades sociais presentes no mundo a través dun percorrido sinxelo polos países a tratar.

Duración: 50 minutos.

Materiais: Un mapamundi grande no que só aparecerán as contornas dos países (sen que aparezan os nomes deles), unha enciclopedia, material informativo (ou ordenadores con acceso a internet) para poder facer consultas sobre a realidade de varios países, alfinetes ou chinchetas, mapas de cada país debuxados á





mesma escala do mapamundi (pare poñelos con alfinetes sobre el), folios, bolígrafos ou lapis.

Desenvolvemento:

Para esta actividade é importante facer unha selección dos países sobre os que se vai traballar, segundo as características do grupo, a actualidade do momento ou o que o/a docente considere interesante traballar.

Repártense ao azar entre o alumnado os mapas dos países que foron seleccionados para a sesión. Recoméndase facer esta actividade cos países orixenarios das persoas inmigrantes presentes no noso contexto para poder fomentar un coñecemento máis próximo da realidade das persoas que forman parte do contexto no que convivimos.

Indícaselles que nun curto espazo de tempo e de forma individual, deben colorear e recortar o seu mapa e localizar a localización do país que lle tocou a cada un no mapamundi, colocando onde corresponda, cunha chincheta ou alfinete o seu mapa. A continuación deben pescudar algúns datos sobre o país que lles tocou:

País a analizar: países veciños, idioma, raza, capital, número de habitantes, tipo de goberno, historia recente. Para isto, consultaran as enciclopedias, material informativo, internet ou o que teñan á súa dispoñibilidade na aula.

Toda a información recollida, deberán anotala nun folio. Para rematar a actividade, cada un exporá ao resto da clase a realidade presente no país que lle tocou.

7. “E con isto e un biscoito...”.

Obxectivo: Con esta visita pretendemos finalizar o proceso desenvolvido polo alumnado e o profesorado implicado e recoller as opinións das partes

implicadas.

Habilidades que se poden traballar:

Duración: 30 minutos

Desenvolvemento:


AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Consideramos necesario facer unha análise da utilidade desta unidade didáctica para ser coñecedores dos niveis de satisfacción e das melloras a ter en conta. Para isto son fundamentais as opinións dos alumnos e alumnas como protagonistas do proceso, e as do propio profesorado.

Agradeceríamos que nos trasmitirades a vosa avaliación sobre este recurso, a súa utilidade para o traballo na aula e a avaliación da actividade en xeral (info@taliateatro.gal)

Moitas grazas!!





Produccións Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro, 31-3ºb
15704 Santiago de Compostela
Tfnos: 981943242 630877153
www.taliateatro.gal